

Traballo de Historia Oral

Alina Varela Iglesias

Naiara Vian Espiño

Alina Varela Iglesias

80 anos

Verís, Irixoa, (A Coruña), 18/05/1926

Verís, Irixoa, (A Coruña)

Alina Varela Iglesias é filla de Jerónimo Varela Sanjurjo e de Asunción Varela Iglesias.

Os seus pais emigraron a Cuba alí coñecéronse e retornaron a España. Cando Alina tiña mes e medio os seus pais marcharon outra vez a Cuba, quedando ela en Ourense o cuidado dos avos maternos. Alí en Ourense, viviu na parroquia de Carracedo, concello da Peroxa.

Alina, recorda unha infancia en Ourense moi feliz, moi mimada por os seus avos, empezou a ir a escola con seis anos pero aínda que non recorda ben o porque, sabe que non ía todos os días.

Acórdase ben da vendimia, pois era unha festa pos nenos, recollíanse as uvas nas viñas, que estaban sempre nun terreo empinado, e subíanse en cestos que transportaban os burros. Alina e os outros nenos eran os que se metían descalzos nas cubas para pisalas e así facer o viño.

Os seus xoguetes de pequenán só eran muñecas de trapo que ela facía coa axuda da súa avoa.

No ano 1929 os seus pais voltan de Cuba e quédanse a vivir en Irixoa, alí constrúen unha casa, esta casa era a primeira con luz eléctrica da aldea, pois o seu pai Jerónimo fixo el mesmo unha minicentral hidroeléctrica coa auga dun regato.

Alina viviu en Ourense hasta os dez anos, visitaba os seus pais, unha vez o ano, a viaxe facía coa súa avoa, camiñaban unha hora ata estación de tren dos Peares, despois de seis horas chegaban o apeadero da Castellana (concello de Aranga) e camiñaba outras dúas horas ata a casa dos seus pais.

No 1936 morreu a súa avoa e ela veuse a vivir coa súa familia a Irixoa, tiña dez anos, alí encontrouse con seus irmáns, tres irmáns e dúas irmáns, que apenas coñecía. Só foi a escola dous anos máis, algúns díaspois había que traballar no campo, dice Alina que os nenos o que sabían ler, escribir e as catro regras, (sumar, restar, multiplicar e dividir), xa non volvían a escola.

Como eran moitos irmans a roupa de vestir ibana pasando de unhs a outros, e so se compraba un vestido cando rompía o anterior.

A maior diversión eran no verán, que iban as festas que se celebraban nas aldeas do redor. Tamén recorda con agrado as tardes do verán bañándose no río Mandeo, ela era un gran nadadora.

No ano 1942 coñece o que foi seu marido Antonio Espiño Martínez e casáronse dous anos mais tarde, constrúen unha casa en Veris, Irixoa (donde vive), e tiveron cinco fillos e sete netos. O marido de Alina traballaba nas carreteras, era peón caminero, e polas noites moitos veciños iban a súa casa e él enseñáballes a ler, escribir e matemáticas, Antonio fora moito a escola, e gustáballe moito ler, segun Alina lía todo o que se encontraba por diante, foi un home moi culto.

Antonio foi a Guerra Civil Española, cando tiña 18 anos, no ano 1938, pero como nunca estivo en perigo, tuvo moito tempo a ler e a estudar.

Os fillos de Alina e Antonio, conseguiron becas para estudar, todos terminaron o bachillerato, e algúns a carreira universitaria.

Acontecimientos mais importantes da vida de Alina, durante a Guerra Civil (1936)

Alina Varela Iglesias, tiña dez anos cando empezou a guerra, e recorda que lle chamou moito a atención a chegada á aldea dos “requetés” para ela eran soldados vestidos de vermello cun fusil que axudaban a Franco. Os requetés eran os Tercios Carlistas que apoiaban a Franco na guerra Civil Española.

Alina recorda que nesas datas ó seo pai estaba moi preocupado pola situación política.

O fusilamento do seu tío José Antonio Varela Sanjurjo no 1937.

Jose Antonio Varela Sanjurjo, non estaba metido en política, pero un día estando segando no trigo nuha leira o lado do río veo un grupo de xente xunto a ponte do río Mandeo e foi mirar que pasaba, estábanlle poñendo dinamita para destruíla e que non pasaran as tropas de Franco.

De alí a uns días a Garda Civil foi buscalo a casa, parece ser que o delatara o cura da parroquia de Verís, Don Aurelio, porque acusabao da morte do seu can, e díxolle a Garda Civil que José Antonio participara na voladura da ponte.

Levárono a cárcere da Coruña a él e os seus vecinos, Domingo López Acea, o seu irmán Ramón López Acea, (os tres que siguen son fillos de Ramón), Máximo

López Acea, Ricardo López Acea e Obdulio López Acea que estaban na voladura da ponte.

Foron sentenciados a morte polo Consello de guerra.

O día 7 de Diciembre do ano 1937 avisaron as familias que foran a visitalos por última vez pois estaban condenados a morte.

O día 9 de Decembro de 1937 as 7 da mañá foron fusilados en Punta Herminia xunto con 7 traballadores sindicalistas da empresa Carburos de Cee.

Según conta Alina o único que podía saviarlle a vida o seu tío era o cura da parroquia Don Aurelio pero non quixo, pasou pouco tempo e tamen morreo de pena e de arrepentimento por non perdonarlles.

O pai da Alina, Jerónimo Varela, era amigo do cura, pero non se atreviu a falar con el porque tiña medo que tamen o prenderan, xa que a dinamita pa destruíla ponte tiña escondida na súa casa, e deixaba de noite comida nuha ventá para que comerán os rebeldes que loitaban contra Franco, que andaban escondidos da Garda Civil.

Jerónimo quedou tan triste pola morte do seu irmán, que nunca mais tuvo boa saúde e morreu triste e apesado.